**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**O DÍA 14/02/2022**
**(Extracto en https//:sede.vilagarcia.gal - transparencia)**

**PRESIDENTE**
TANIA GARCÍA SANMARTÍN

**CONCELLEIROS/AS**
Lista de asistentes
ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes
ALBERTO VARELA PAZ

**SECRETARIA**
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA ACCTAL**
ROSA MARIA OTERO PIÑEIRO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 14/02/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 01-ene-1970, que se aprobou por unanimidade.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2022/0256**
Dáse conta do escrito presentado por Gesenco Gestión en Comunidades SL, en representación da Comunidade de Propietarios CP A Rosa, solicitando a sinalización con pivotes ou pintura da parte da beirarrúa xunto ao garaxe na Rúa Cervantes 110.
Dáse conta de informe da Policía Local, favorable á ubicación do vao permanente.
A Xunta de Goberno local acorda autorizarlles para o pintado de amarelo de parte da beirarrúa situada ao lado do garaxe para facilitar a manobra de entrada e saída de vehículos.

**PRP2022/0313**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Africa Vela Sauco e/n Asociación de Minusválidos Reunidos ASMIRE, solicitando autorización para o ofrecemento de axendas con horóscopo a persoas a pé polas rúas do Concello de Vilagarcía. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda requerir a dita asociación para que indiquen os fines da asociación, e que presenten a seguinte documentacion:
- Memoria de actividades do ano 2021
- Estatutos de creación da asociación.

**PRP2022/0392**
Dáse conta do informe da Policía Local en relación ás queixas recibidas de veciños de Vilaxoán

sobre a sinalización da preferencia de paso entre as rúas Bouza de Abaixo e Pardiñas, a Xunta de Goberno Local en base ao citado informe acorda aprobar a colocación dun sinal de ceda ao paso na rúa Pardiñas á altura da rúa Bouza de Abaixo.

**PRP2022/0393**
Dáse conta do informe da Policía Local en relación ás queixas sobre estacionamento de vehículos na rúa Fontecarmoa entre os números 1 e 9, no que se indica que sería aconsellable proceder ao repintado da sinalización horizontal, coa situación actual non é recomendable proceder á denuncia dos vehículos por falta de mantemento na sinalización.
A Xunta de Goberno Local en base ao citado informe da Policia Local, acorda que se proceda ao repintado da sinalizacón horizontal:.
Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

**PRP2022/0395**
Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Setga, S.L.U. para a modificación da iluminación da Rúa da Baldosa, con cinco luminarias tipo Roundt, por un importe total de 5.874,55€ (IVE incluído), con cargo á partida 165-213.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/0396**
Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Automoción La Junquera SL para a reparación do vehículo Iveco ML180, matrícula 5479-GJC, adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 626,99€ (IVE incluído), con cargo á partida 454-214.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/0397**
Vista a proposta do Responsable de compras de material de oficina, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Teleservicio Instalaciones de Oficina SL para subministro de dúas cadeiras para o persoal do Rexistro Xeral, por un importe total de 786,50€ (IVE incluído), con cargo á partida 920.215.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal

**PRP2022/0398**
Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por BullFuego, S.L.U para a resposición de botas de intervención en incendios estruturais, por un importe total de 5.711,20€ (IVE incluído), con cargo á partida 135-22104.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/0399**
Vista a proposta do Servizo Municipal de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Construcciones, Obras y Viales, S.A. (COVSA) para o subministro de material para reparar acceso a bombeos, por un importe total de 11.398,20€ (IVE incluído), con cargo á partida 453-210
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/0400**
Dáse conta do escrito presentado por Dona Luisa Evangelina Fojo Pardo solilcitando reparación de danos ocasionados no pavimento da travesía San José á altura do nº20. Visto o informe do servizo municipal de emerxencias que indica que ditos danos foron causados polo camión dos bomberos do Consorcio Provinicial, a Xunta de Goberno Local acorda remitir a reclamación ao Consorcio Provincial de Bombeiros, e ao Corpo de Bombeiros de Vilagarcia con enderezo na zoa Peirao Comercial nº4 en Vilagarcia.

**PRP2022/0401**
Dáse conta do escrito presentado por D. Marcos Rodríguez Martínez, como Coordinador Local de Vilagarcía e Zona de Cambados Vox Pontevedra, en relación ás obras de desalojo da cruz da fachada da Igrexa de Sta. Eulalia, solicitando explicacións por parte do Concello en relación a:
1.- Ubicación do monumento extraído.
2.- Estado de conservación en caso dunha hipotética reubicación do mesmo.
3.- Explicacións para comprender o argumento que levou a tomar a decisión da retirada.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar ao Sr. Rodriguez Martínez que dita cruz xa está retirada, despois de contar coa debida autorización de Patrimonio e o Arzebispado. Existindo ademais unha demanda de medidas cautelares para a paralización das obras que foi denegada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra.

**PRP2022/0402**
Dáse conta da concesión administrativa para a ocupación de superficie de 72 m² no recinto ferroviario da Estación de Vilagarcía de Arousa no T.M. de Vilagarcía de Arousa titularidad de ADIF. Dita concesión se establece por un período de 75 anos contados a partir da firma do documento de formalización da concesión. En dito inmoble esta previsto que se realice unha obra de resgardo de viaxeiros na estación de autobuses, marquesina, o que supon un aproveitamento especial e duradeiro de ese domino público con carácter gratuíto.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aceptar a concesión, así mesmo acorda remitir o presente acordo á Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade).

**PRP2022/0411**
Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Equipamento Obreiro SL para o subministro de roupa e material de

protección no traballo para o persoal a contratar polo Plan Concellos 2022, por un importe total de 3.854,53€ (IVE incluído), con cargo á partida 920.22104.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/0412**
Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Monconsa OHS, S.A. para a substitución de tubaxe de saneamento en Avda. da Mariña 112, por un importe total de 13.092,20€ (IVE incluído), con cargo á partida 161.210.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## RECURSOS HUMANOS

**PRP2022/0324**
Dáse conta proposta do Oficial Xefe Accidental de Policía Local, de previsión de necesidade de contratación para o ano 2022, de 5 auxiliares da Policía Local, por período de catro meses prorrogables por dous mais, coa autorización da Consellería de Interior, conforme ao establecido no artigo 95.1 da lei 4/2007 de Coordinación de Policías Locais de Galicia, en relación a concellos con aumento notorio da poboación durante a época estival.
Dáse conta da solicitude á Academia Galega de Seguridade Pública de conformidade co convenio asinado entre este Concello e a Vicepresidencia e Presidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2022/0404**
Dáse conta de Addenda ao Convenio para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da Convocatoria e Desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos Corpos de Policía Local e as prazas de Auxiliares de Policía Local ou as prazas de Vixiantes Municipais entre a Vicepresidencia Primeira e Concellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello de Vilagarcía de Arousa, que modifica o prazo establecido na cláusula oitava do Convenio, previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional de catro anos mais dende a data de sinatura da addenda.
A Xunta de Gboerno Local queda sabedora e acorda aprobar a sinatura da addenda ao convenio.

## BENESTAR SOCIAL

### EMPREGO

**PRP2022/0303**
Vista a proposta da Concellería de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a KAEME Constultoría e Prevención SL a realización e impartición dun programa formativo en inclusión e capacitación dixital no Centro de Formación de matosinhos, na aula CEMIT no ano 2022 (de marzo a decembro), por un importe total de 15.000 €, con cargo á partida 241.22799, de conformidade coa oferta presentada.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/0323**
A entidade colaboradora Zona Aberta presentou escrito o 3 de febreiro de 2022, solicitando o ingreso da terceira aportación correspondente ao Concello, alegando que na data de presentación do seu escrito, na conta bancaria de xestión dos bonos non quedan máis que 5 euros, tendo pendente de aboar aos comercios máis de 15.555 Euros.
No mesmo día 3 de febreiro o Concello procedeu á transferencia de 9.375 € correspondentes á segunda cota de aportación municipal.
O 4 de febreiro de 2022, a entidade colaboradora adianta vía mail e presenta por sede electrónica extracto bancario acreditativo do aboamento aos comercios dos 9.375 € transferidos polo Concello correspondentes ao segundo pago municipal, polo que, atendendo a CLAUSULA SEXTA do convenio de colaboración, ao escrito presentado por Zona Aberta solicitando o ingreso do terceiro prazo da aportación municipal, así como ao extracto bancario no que se acredita ter aboado aos establecementos adheridos a totalidade dos anteditos 9.375 €.
Vista a proposta da Área de Promoción Económica, á Xunta de Goberno Local acorda:
- Ter por debidamente xustificado pola Asociación de Comerciantes o aboamento aos establecementos adheridos da cantidade de 9.375,00 € ingresados polo Concello o 3 de febreiro de 2022.
- Realizar o terceiro pago correspondente ao Concello e transferir á Zona Aberta o 25% restante do total da aportación municipal (9.375 €), en cumplimento dos termos do convenio, con cargo á partida 4311.470.

**PRP2022/0340**
A Conselleria de Emprego e Igualdade fai publica a Orde do 7 de xaneiro de 2022 (DOG no 21 do 1/02/22) pola que se establecen as bases que regulan para o exercicio 2022 as axudas e subvencions, en concurrencia competitiva, para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ambito de colaboracion coas entidades locais.
A traves desta Orde a Conselleria de Emprego e Igualdade subvencionara as entidades locais que contraten persoas traballadoras desempregadas para a realizacion de obras ou servizos de interese xeral e social (procedemento TR351A) co obxecto de proporcionarlles a experiencia e practica profesional necesarias para facilitar a sua insercion laboral.
Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude á Consellería de Emmprego e Igualdade dunha subvención total de 55.980 €, dentro do Programa de Fomento do Emprego e Mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais 2022, para a contratación de 12 persoas (Bañistas-Socorristas) a xornada completa durante tres meses, para o Servizo de Salvamento e Socorrismo 2022, dende o 1 de xullo, cunha aportación municipal de 3.852,72 €, con cargo á partida 241.131

**PRP2022/0341**
Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2021, presentada por D.MANUEL CARLOS OMIL VIDAL, NIF: 52499806Y con domicilio en Rúa Avenida FRANCISCO LANDIN PAZOPS Nº: 6 Lt: 1 Esc: C Pt: - MARIN CP: 36900 Marín (Pontevedra),
A contratación cuxa subvención se solicita é a tempo parcial e a actividade da contratante a asesoría mercantil.
A empresa solicitante, non acredita que pola natureza da actividade da empresa a xornada de traballo sexa inferior á legalmente establecida para ser considerada a tempo completo nos termos do parágrafo segundo da Base Primeira da convocatoria, polo que, visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda non conceder a axuda solicitada.

**PRP2022/0342**
No BOPPO de 2 DE AGOSTO DE 2021, publicáronse as BASES DE AXUDAS A CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA CONCELLO DE VILAGARCÍA 2021. A convocatoria doutouse cun orzamento de 50.000 Euros, establecéndose un máximo de axuda por empresa de 3.000 Euros.
Rematado o prazo de presentación de solicitudes, ó longo da súa vixencia foron presentadas na Concellería de Promoción Económica 5 solicitudes resultando concedidas un total de 4 das axudas solicitadas.
A contía total de axudas concedidas ascende a ONCE MIL SETECENTOS CINCUENTA EUROS (11.750,00€), segundo a distribución que se especifica no seguinte cadro:

| EXPEDIENTE | DNI/CIF | BENEFICIARIO/A AXUDA | 1º Apellido | 2º Apellido | CONTÍA CONCEDIDA |
|---|---|---|---|---|---|
| PROMECON/2021/000304 | B36566719 | REAL CONSERVERA ESPAÑOLA SL | | | 2.750,00 € |
| PROMECON/2021/000301 | B36268217 | TROQUIñA SL | | | 3.000,00 € |
| PROMECON/2021/000286 | B36562445 | DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING SL | | | 3.000,00 € |
| PROMECON/2021/000282 | B36593903 | REDGAL VILLAGARCIA SL | | | 3.000,00 € |
| PROMECON/2021/000280 | 52499806Y | MANUEL CARLOS | OMIL | VIDAL | 0,00 € |
| TOTAL AXUDAS CONCEDIDAS 2021 | | | | | 11.750,00 |

A BASE DUODÉCIMA, parágrafo segundo da convocatoria, establece o seguinte:
Á finalización do prazo de presentación de solicitudes ou, no seu caso, ao esgotamento do orzamento, darase publicidade á relación de axudas concedidas, na Sede Electrónica do Concello (sede.vilagarcia.gal)
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar por pechada a convocatoria do Programa de Axudas á Contratación por conta allea-Concello de Vilagarcía 2019, cos resultados de seguimento especificados, acordando a publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello, sede.Vilagarcía.gal.

**PRP2022/0344**
Dáse conta da Orde do 7 de xaneiro de 2022 (DOG Nº 21 de 1 de febreiro) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesion de subvencions dirixidas a entidades locais para a contratacion temporal de persoas en situacion ou risco de exclusion social perceptoras da renda de integracion social de Galicia (Risga) e se aproba a convocatoria para o ano 2022 (TR351F)
Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica - Área de Emprego, a Xunta de

Goberno Local acorda:
Solicitar subvención para a contratacion de 15 persoas coa categoría de peóns: 4 Peóns de Obras públicas, 7 Peóns Traballadores de Conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos e 4 Peóns Forestais a xornada completa durante 9 meses, dentro do exercicio de 2022 para realizacion de actividades de acondicionamento, reparacion e conservacion de infraestructuras, edificios e mobiliario urban municipal, traballos especificos de recuperacion de espazos mediambientais, e mantemento e coidado de edificios e instalacions municipais, por un importe total de 160.220,70 €.
Aprobar unha aportación municipal de 57.836,70 €, con cargo á partida 241.131.

**PRP2022/0345**
Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021, presentada por DANIELA HENRIQUES DE OLIVEIRA para a actividade (autónoma limpeza)
Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 380,15 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.
No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

**PRP2022/0346**
Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021, presentada por D. Andre Diz González, para a actividade de Fisioterapia.
Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 257,80 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.
No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

**PRP2022/0372**
Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021, presentada por JEMI VILAGARCIA CB, para a actividade de Café-Bar (Cafetería "JEMI"
Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 2.500 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.
No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

**PRP2022/0373**

Dáse conta do peche do Programa de Axudas Municipais a Creación de Empresas Concello de Vilagarcía 2021.
No BOPPO de 20 de xullo de 2021, publicáronse as bases de axudas a creación de empresas Concello de Vilagarcía para o exercicio 2021. A convocatoria doutouse cun orzamento de 42.000 Euros establecéndose unha axuda de 2.500 € por empresa, correspondentes á metade dos gastos correntes de inicio da actividade.
Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado 30 de outubro, ó longo da súa vixencia foron presentadas na Concellería de Promoción Económica 20 solicitudes de axuda, das que 19 foron concedidas .
Revisados e resoltos todos os expedientes de solicitude, a contía total de axudas concedidas ascende a 34.853,67 € según a distribución que se especifica no seguinte cadro

| REFERENCIA | EXPEDIENTE | DNI/CIF | BENEFICIARIO/A | 1º APELIDO | 2º APELIDO | CONTÍA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CREA_2021_20 | PROMECON/2021/000311 | B01846070 | TENG FEI 1688 SL | | | 0,00 |
| CREA_2021_19 | PROMECON/2021/000310 | 35488864W | JOSE ANTONIO | VICENTE | GARCIA | 526,81 |
| CREA_2021_18 | PROMECON/2021/000309 | 35480835T | IRIA | PEREZ | BARCALA | 782,05 |
| CREA_2021_17 | PROMECON/2021/000300 | 35601292Y | SARA | PREGO | DIESTE | 2.500,00 |
| CREA_2021_16 | PROMECON/2021/000299 | 35599137J | KELLY | BUSTELO | GONZALEZ | 1.964,66 |
| CREA_2021_15 | PROMECON/2021/000298 | E42990697 | JEMI VILAGARCIA | | | 2.500,00 |
| CREA_2021_14 | PROMECON/2021/000297 | B42788604 | EVOURBE SL | | | 2.500,00 |
| CREA_2021_13 | PROMECON/2021/000293 | 35489140W | ANDRE | DIZ | GONZALEZ | 257,80 |
| CREA_2021_12 | PROMECON/2021/000292 | 35478634F | CRISTINA | BARREIRO | PEREZ | 2.391,13 |
| CREA_2021_11 | PROMECON/2021/000289 | 35642063K | DANIELA | HENRIQUES | DE OLIVEIRA | 380,15 |
| CREA_2021_10 | PROMECON/2021/000288 | J04935151 | PAZ Y NOGUEIRA SC | | | 2.500,00 |
| CREA_2021_09 | PROMECON/2021/000287 | 35459006K | MARIA JOSE | CESPON | VIQUEIRA | 1.398,08 |
| CREA_2021_08 | PROMECON/2021/000284 | 35484500P | TOMAS | GOMEZ | RODRIGUEZ | 2.228,32 |
| CREA_2021_07 | PROMECON/2021/000283 | 35463350H | MARIA | ABALO | TORRES | 1.571,95 |
| CREA_2021_06 | PROMECON/2021/000281 | 35472344L | VANESA MARIA | PESADO | CUADRADO | 2.500,00 |
| CREA_2021_05 | PROMECON/2021/000279 | 35479106L | LUCIA | ESPERON | JANEIRO | 2.205,00 |
| CREA_2021_04 | PROMECON/2021/000278 | Y5831947N | THAMIRYS | LOPES | DE CARVALHO | 1.163,77 |
| CREA_2021_03 | PROMECON/2021/000277 | 35491991R | PAULA ANDREA | URIBE | ESCOBAR | 2.483,95 |
| CREA_2021_02 | PROMECON/2021/000276 | B42856492 | AS PISTAS ALIMENTACION SL | | | 2.500,00 |
| CREA_2021_01 | PROMECON/2021/000274 | 35487570L | CRISTINA | LEIRO | AGRA | 2.500,00 |
| IMPORTE TOTAL AXUDAS CONCEDIDAS | | | | | | 34.853,67 |

A Base 7ª.1 da convocatoria, establece o seguinte:
Á finalización do prazo de presentación de solicitudes ou, no seu caso, ao esgotamento do orzamento, darase publicidade á relación de axudas concedidas, na Sede Electrónica do Concello (sede.vilagarcia.gal)
Por tanto, a Xunta de Goberno Local acorda dar por pechada a convocatoria do Programa de Axudas á Creación de Empresas Concello de Vilagarcía 2021 cos resultados de seguimento indicados e que se proceda á prublicación das axudas concedidas no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello (sede.vilagarcia.gal) e na BDNS.

**PRP2022/0375**
Dase conta da resolución da Xunta de Goberno Local da Diputación Provincial de Pontevedra, relativa ao PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS. PLAN CONCELLOS 2022 LIÑA 3 EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS, pola que acorda aprobar a concesión dunha subvención polo importe de 309.224,41€ ao

Concello de Vilagarcía ao abeiro do PLAN CONCELLOS 2022 LIÑA 3 para a contratación de 36 traballadores/as nas categorias laborais, cun contrato a xornada completa durante 6 meses, correspondendo unha aportación municipal de 40.411,55 €, con cargo á partida 241.131:
2 Empregados/as Auxiliares Administrativos en xeral
14 Peóns Axudantes Albaneis.
5 Peóns Pintores/as e/ou empapeladores/as
4 Peóns Instaladores electricistas.
10 Peóns Traballadores/as de Conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos..
1 Peón Axudante mantenedor de instalación deportivas.
Todos elles cun contrato de xornada completa durante 6 meses.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

**PRP2022/0348**
Dáse conta de Resolucion da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 04/02/2022 pola que se acorda a concesión dunha subvención a este Concello – Conservatorio Profesional de Música - para os GASTOS DERIVADOS DA CELEBRACIÓN DO V FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLASCLAS por un importe de 30.000,00 € e cun orzamento de 30.500,00 € ao abeiro da Liña 2. Gasto corrente derivado da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos ou turísticas, do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2022-23).
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2022/0377**
Dáse conta de Resolucion da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 08/02/2022, pola que se acorda a concesión dunha subvención a este Concello para os GASTOS DE LIMPEZA E ASEO E ENERXÍA ELÉCTRICA DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA por un importe de 18.181,00 € e un orzamento de 19.000,00 € ao abeiro da Liña 2. Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2022-23).
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2022/0406**
Dáse conta de publicación no DOG de 4 de febreiro de 2022, da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais (programa A) e para a mellora das coleccións no marco do Plan de Recuperación, tansformación e resilencia (programa B), ambas en formato físico, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento CT235A).
A Xunta de Goberno Local acorda participar na convocatoria, e en consecuencia, solicitar subvención para os dous programas:
Programa A: Subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico.
Programa B: Subvencións para a mellora de coleccións bibliográficas en formato físico.

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

### MEDIO AMBIENTE

**PRP2022/0356**
Dáse conta da remisión por Augas de Galicia de informe de inspección da rede de saneamento asociada á EDAR de Vilagarcía (IR_VGAR_20211222), onde se achega os aspectos máis salientables, sendo estes os seguintes:

- A valoración da calidade global da EDAR é DEFICIENTE.
- Equipo de desinfección en funcionamento rendemento insuficiente
- Recomendacións:
    - Recoméndase baleirar e retirar as áreas acumuladas na canle de desareado-desengraxe aireado nº 1 antes da instalación da bomba de areas nº 1 que se atopaba en reparación á data de finalización deste informe.
    - Recoméndase realizar unha posta a punto da unidade de desinfección xa que os resultados das análises microbiolóxicas indican que o efecto de desinfección deste equipo é moi reducido (ou nulo), non acadando a garantía de desinfección do equipo de 500UFC/100ml en Coliformes totales. Tamén se recomenda resolver o problema do funcionamento da pantalla táctil do equipo UV posto que se observaron nas últimas visitas técnicas problemas de bloqueo da mesma que impiden acceder, por momentos, aos parámetros de funcionamento de control do equipo.
    - Recoméndase revisar a batería de condensadores de cara a evitar posibles penalizacións económicas na factura eléctrica, xa que se observa unha deficiente compensación de enerxía reactiva no mes de agosto, cun Cos ? <0,95.
    - Recórdase que segundo o DECRETO 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia a competencia da xestión e mantemento da rede de saneamento, dos permisos de vertedura, do control de verteduras á rede de saneamento e a responsabilidade de garantir o seu cumprimento é competencia da entidade local xestora do sistema, neste caso o Concello de Vilagarcía de Arousa. Polo tanto é responsabilidade do concello localizar e reparar os puntos de infiltracións de augas brancas e mariñas na rede de saneamento, esixir aos/ás usuarias/os non domésticos que dispoñan de permiso de vertedura e verificar o seu cumprimento, así como dispor dun censo das/os usuarias/os con permiso de vertedura e remitir a Augas de Galicia a información relativa aos permisos de vertedura indicados.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o documento á Empresa Concesionaria Espina & Delfín para a cumprimentación das recomendacións recollidas no mesmo.

**PRP2022/0365**
Vista a proposta do Departamento de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por BAYGAR SL para a reparación do Dumper matrícula E-5736-BBW do citado Servizo, por un importe total de 3.008,67 € (IVE incluído), con cargo á

partida 170.214.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/0407**
dáse conta de Oficio da Consellería de Sanidade, Xefatura Territorial de Pontevedra en relación co Protocolo de actuación fronte ao crecemento de cianobacterias no Encoro da Baxe, indicando que se estan a efectuar mostraxes periodicas coa finalidade de detectar a tempo o inicio de proliferación e, polo tanto, de posibles situacións de risco.
Tralos resultados obtidos nas ultimas análises efectuadas, o Encoro A Baxe (Umia) e as captacións asociadas pasan a estado de normalidade.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2022/0408**
Vista a proposta do Departamento de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por JUEGOS KOMPAN SA para o subministro da rede de trepa para a súa substitución no parque Miguel Hernández, por un importe total de 880,88 € (IVE incluido), con cargo á partida 171.213.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2022/0410**
Dáse conta do seguinte escrito da Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA), en relación ao cumprimento das condicións da bonificación do canon 2022:
Esta bonificación vincúlase ao cumprimento de dous requisitos básicos: procurar unha redución da xeración de lixo e/ou fomentar a reciclaxe dos envases lixeiros, conforme ás directrices europeas e o modelo de economía circular cara ao que debemos avanzar, así como trasladar esta rebaixa ao recibo da veciñanza en calidade de beneficiaria do servizo.
A esta entidade local aplicarase, desde o 1 de xaneiro do ao 2022, unha rebaixa do 10% da factura de Sogama, resultando así un canon bonificado de 59,40€ por cada tonelada de residuos domésticos máis o incremento do IVE.
Para poder ser beneficiarios desta medida, con anterioridade á finalización do mes de febreiro de 2022, deberá presentarse á Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., unha certificación emitida polo órgano da entidade local que corresponda, na que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas. .
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que o Concello de Vilagarcía adoptou as seguintes medidas, no ano 2021, coa finalidade de obter no 2022 o canon bonificado de SOGAMA:
1- Na ordenanza reguladora da taxa de recollida de lixo do ano 2021, acordouse trasladar, o importe equivalente ao da bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, continuando aplicándose esa reducción no ano 2022.
2- Medidas específicas para o fomento da recollida selectiva, orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional e fomento de reciclaxe, mediante a plataforma web "Tropaverde", redución da xeración de lixo mediante a promoción da compostaxe, e a realización de campañas de concienciación tanto para acadar unha reducción do lixo como no fomento da

reciclaxe de envases lixeiros. Tamén foi adquirido no 2021 polo Concello, con unha subención da Consellería de Medio Ambiente, un vehículo para a recollida do biorresiduo (FROM).

### TURISMO

**PRP2022/0370**
Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Daniel Barreiro Garrido , por importe de 1.980 € (IVE incluído), para a realización de 8 sesión de concerto (2 en cada IES de Vilagarcía), con motivo da celebración do Día de Rosalía de Castro, o día 24 de febreiro de 2022, con cargo á partida 320.22627.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

### MULLER E PERSOAS MAIORES

**PRP2022/0371**
Vista a proposta da Concellería Delegada da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e orzamento para a realización do XIV Maratón Fotográfica pola Igualdade, que terá lugar o sábado 5 de marzo e no que previa inscrición a través de correo electrónico, poderá participar calquera persoa interesada na fotografia. A actividade terá unha duración de 14 horas (de 10:00 ata as 23:59 horas), cun orzamento total de 600,00 €, para premios (3 premios de 200 € cada un), con cargo á partida 2312.48100.
Acórdase así mesmo aprobar o orzamento presentado por AROUSA HERMANOS GONGAL SL para un servizo de catering para as persoas participantes, correspondente ao almorzo e comida (picnic) para 25 persoas, por un importe total de 350,00 €, con cargo á partida 2312.22601.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## CULTURA

**PRP2022/0357**
Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e fichas de inscrición para a celebración do Entroido 2020, coa celebración do Desfile de Disfraces e Carrozas, o martes día 1 de marzo, e co establecemento dos premios e gastos que figuran nas mesmas, por un importe total de 6.300 e, con cargo á partida 334.48100:
- Premios por importe de 5.300 € para as distintas categorías:
- Categoría INFANTIL: (Ata 13 anos):
INDIVIDUAL INFANTIL:

| | |
|---|---|
| PRIMEIRO | 100,00€ |
| SEGUNDO | 75,00€ |
| TERCEIRO | 50,00€ |

PARELLA INFANTIL:

| | |
|---|---|
| PRIMEIRO | 150,00€ |
| SEGUNDO | 100,00€ |
| TERCEIRO | 75,00€ |

- Categoría ADULTO: (A partir de 14 anos):

INDIVIDUAL ADULTO:

| | |
|---|---|
| PRIMEIRO | 100,00€ |
| SEGUNDO | 75,00€ |
| TERCEIRO | 50,00€ |

PARELLA ADULTO:

| | |
|---|---|
| PRIMEIRO | 150,00€ |
| SEGUNDO | 100,00€ |
| TERCEIRO | 75,00€ |

-Categoría GRUPOS:

GRUPO ATA 20 COMPOÑENTES:

| | |
|---|---|
| PRIMEIRO | 800,00€ |
| SEGUNDO | 500,00€ |
| TERCEIRO | 300,00€ |

GRUPO MÁIS DE 20 COMPOÑENTES:

| | |
|---|---|
| PRIMEIRO | 1.300,00€ |
| SEGUNDO | 800,00€ |
| TERCEIRO | 500,00€ |

- Accésit por importe de 1.000 € por se houbera choqueiras nas distintas categorías (individuais, parella, grupos...)

A este accésit, non poderá optar ningún outro disfrace que participe nas categorías anteriores (infantil: individual, parella; adulto; individual, parella; grupo: menos de 20 compoñentes e máis de 20 compoñentes)

**PRP2022/0358**

Dáse conta do Contrato, para a súa posterior sinatura, entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e o Consorcio Para a Promoción da Música para a celebración do Concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia, o día 19 de marzo de 2022, no Salón de Actos do Auditorio Municipal, cun importe en concepto de caché de 2.000,00 € (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado contrato, así como o gasto, por importe de 2.000,00 € con cargo á partida 334.22609.

**PRP2022/0359**
Vista a solicitude de D. David Seijo Sanmiguel, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario 1 do Auditorio Municipal, os días 12, 19 e 26 de marzo, en horario de 11:00 a 12:00 horas e de 17:00 a 18:00 horas, para a realización dun Taller de Teatro, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.
Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.
De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:
- Seminario 1: 6 horas x 10,20 €/hora: 61,20 €
Dar conta ao Departamento de Rendas.

**PRP2022/0374**
Dáse conta do Convenio de Colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)con C.I.F. Q6550009B e O Concello de Vilagarcía de Arousa, debidamente asinados, para a xestión da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorio do 1º semestre de 2022, no que se estipulan as condicións do mesmo.
PRIMEIRO: A continuación detallase a programación que este concello de Vilagarcía, ten previsto realizar no primeiro semestre do 2021 así como a aportación establecida(Condición 4º do convenio):

| COMPAÑÍA | NOME FISCAL | ESPECTÁCULO | LUGAR | DIA | IMPORTE € |
|---|---|---|---|---|---|
| A Panadaría | A Panadaría Sociedade Coop. Galega (F27875285) | As que limpan | AUDITORIO | 19/02/2022 | 3.500,00 |
| Aporia Escénica | Diana Mera Estévez (36157053H) | SOGA E CINSA | AUDITORIO | 12/03/2022 | 9.200,00 |
| A Reixa Producións | Francisco Javier Villasenín Montoiro (44809396Z) | Little neno DESCOBRE A... OS BEATLES | AUDITORIO | 23/04/2022 | 2.178,00 |
| Amorodio Teatro | Raquel Velasco Sanz (70259795Q) | Reino de Extinción | AUDITORIO | 14/05/2022 | 3.000,00 |
| TOTAL | | | | | 17.918,00 |

SEGUNDO: O custe total das actividades ascende a un total de 17.918,00 €, que será sufragado integramente polo Concello de Vilagarcía de Arousa en virtude da cláusula segunda b, e previa xustificación correcta ao AGADIC segundo o establecido na cláusula terceira f, esta axencia participará co 50% do gasto proposto (8.959,00€), resultando finalmente a participación municipal no outro 50% (8.959,00€), con cargo á partida 334.22609.
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as actuacións indicadas, así como a aportación municipal.

## CONTRATACIÓN

**PRP2022/0405**

Dáse conta de Auto 13/2022, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra, polo que non se accede á medida cautelar solicitada pola respresentación da Fundación Española de Avogados Cristianos, en relación á suspensión dos traballos iniciados para a retirada da cruz da Igrexa de Santa Eulalia de Vilagarcía de Arousa.
A Xunta de Goberno local queda sabedora.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

**PRP2022/0379**

Visto o expediente de gasto derivado da relación de facturas F/2021/166 por importe de 357.415,86 €.
Vista a Base 21ª.1 das B.E.O 2021 prorrogadas ao exercicio 2022, pola cal poderanse aplicar aos créditos do orzamento, no momento do seu recoñecemento, as obrigas, aínda correspondendo a gastos de exercicios anteriores a que se refire o parágrafo segundo do artigo 26 do R.D. 500/90 do 20 de abril.
Vistas a base 21ª.2 das B.E.O 2021 prorrogadas ao exercicio 2022, pola cal enténdese por práctica administrativa contable e se exceptúan do Recoñecemento Extraxudicial de Crédito:
• Contratos de subministro ou de servizos que sexan de tracto sucesivo e correspondan como máximo o derradeiro trimestre do exercicio inmediatamente anterior que, habitualmente, se presenta a principios do exercicio seguinte, sempre que se verifique que polo mesmo concepto non se apliquen con cargo a un mesmo orzamento máis de 12 meses naturais.
• Contratos de subministro ou de servizos para os que o seu período de facturación non sexa mensual segundo o contrato, sendo o último mes do período de facturación o de decembro.
• Gastos de dietas e locomoción e dietas do persoal municipal ao abeiro do artigo 26.2 a) do RD 500/90.
• Contratos menores executados con data 30/31 de decembro, e resulte materialmente imposible o seu rexistro contable no exercicio económico o que corresponden, sempre e cando a natureza e entidade económica do gasto non comprometa a finalidade do principio de temporalidade dos créditos, aspectos que deberá valorarse pola Intervención en cada caso.
Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.
A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2021/166 por importe de 357.415,86 € coa seguinte desagregación:

| REX. | Nº de Documento | Fecha Dto. | Prog. | Econ. | Importe | Nome | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2021/9500 | C210000704 | 30/11/2021 | 132 | 22103 | 869,01 | AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L. | EURO-SUPER / EURO-SUPER / EURO-SUPER / GASOLEO AUTO / EURO-SUPER / EURO-SUPER / EURO-SUPER / EURO-SUPER / EURO-SUPER / E |
| F/2021/9521 | 5603200590 | 30/11/2021 | 1621 | 22799 | 9.536,01 | CESPA, S.A. | CANON C. Y P. NOVIEMBRE 2021. 1/12 de canon aprobado por la Comisión Municipal de Gobierno del 9/12/96, más revisiones d |
| F/2021/9523 | 5603200589 | 30/11/2021 | 1621 | 22700 | 254.414,16 | CESPA, S.A. | CANON NOVIEMBRE 2021. 1/12 de canon aprobado en Pleno del 9/03/00 más revisiones de precios y ampliación, aprobada en pl |
| F/2021/9881 | Emit- 1 | 17/12/2021 | 150 | 640 | 12.705,00 | RICOY ROLDAN SC | Redacción PE+PB Skatepark de O Cavadelo |

| REX. | Nº de Documento | Fecha Dto. | Prog. | Econ. | Importe | Nome | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2021/ 9905 | TA 2103550 | 15/12/2 021 | 132 | 214 | 161,90 | TALLERES S. IGLESIAS, S.L. | REPARACIN DEL VEHICULO NISSAN CABSTAR, MATRICULA 5171DLH. SERVICO: POLICIA LOCAL, AUTORIZADO POR JEFE DE POLICIA. REPARA |
| F/2021/ 9913 | 089 | 30/11/2 021 | 132 | 22799 | 90,00 | REY FREITES, JOHNSTON ALEXANDER | 4 LAVADOS VEHICULOS POLICIA |
| F/2021/ 9993 | 1-02168227 | 30/12/2 021 | 3262 | 22000 | 11,71 | SOLITIUM NOROESTE, S.L. | COP.COLOR A4 T: 88 / COPIAS 30/11/21:74,550 - 31/12/21:74,638 (ID:05564DN MFP RICOH MP C2050AD 20ppm COLOR ADF D P/S n/s |
| F/2021/ 9994 | 1-02168229 | 30/12/2 021 | 241 | 22000 | 0,74 | SOLITIUM NOROESTE, S.L. | COP.BYN A4 T: 121 / COPIAS 30/11/21:60,276 - 31/12/21:60,397 (ID:03078DN MFP RICOH MP3054SP MFP MONO A3 30PPM ADFR 100H |
| F/2021/ 9995 | 1-02168231 | 30/12/2 021 | 3261 | 22000 | 20,61 | SOLITIUM NOROESTE, S.L. | COP.COLOR A4 T: 115 / COPIAS 30/11/21:19,110 - 31/12/21:19,209 (ID:07172DN IMPRESORA RICOH SP C440DN COLOR A4 LASER 40PP |
| F/2021/ 9998 | 1-02168226 | 30/12/2 021 | 3321 | 22000 | 5,60 | SOLITIUM NOROESTE, S.L. | COP.BYN A4 T: 925 / COPIAS 30/11/21:116,259 - 31/12/21:117,017 (ID:06718DN MULTIFUNCION RICOH B/N 28 ppm MP-2852SP n/s:W |
| F/2021/ 10003 | 23376118 | 31/12/2 021 | 132 | 204 | 3.087,96 | BANCO SANTANDER, S.A. | CUOTA DE ARRENDAMIENTO / CUOTA FINANCIACIION PRIMA SEGUIRO |
| F/2021/ 10004 | Emit- 210597 | 31/12/2 021 | 453 | 204 | 968,00 | ALVEGAL, S.L. | ALUGUER NISSAN NAVARA PICK UP DOBLE CABINA MATRIICULA 9243LFX, PARA O SERVICIO DE VIAS PUBLICAS |
| F/2021/ 10005 | 2021- 1730 | 30/12/2 021 | 150 | 22706 | 1.583,08 | CALIXTO ESCARIZ, S.L.U. | HONORARIOS ( Asistencia jurídica en materia de urbanismo al ayuntamiento de Villagarcía de Arosa correspondiente al mes |
| F/2021/ 10008 | 02148000036221F | 31/12/2 021 | 320 | 22700 | 141,04 | CLECE, S.A. | Servicio de limpieza en el Aula de Educación de Adultos durante Diciembre de 2021Importe servicios |
| F/2021/ 10009 | 02148000036321F | 31/12/2 021 | 3321 | 22700 | 3.787,45 | CLECE, S.A. | BIBLIOTECAS: CASA DE LA CULTURA DE VILAGARCIA DE AROUSA, BIBLIOTECA, ASEOS Y ZONAS COMUNES Diciembre de 2021ZONAS COMUNE |
| F/2021/ 10010 | 02148000036721F | 31/12/2 021 | 241 | 22700 | 298,99 | CLECE, S.A. | EDIFICIO MATOSINHOS Diciembre de 2021Importe servizos |
| F/2021/ 10011 | 02148000036421F | 31/12/2 021 | 920 | 22700 | 5.323,55 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza EDIFICIOS E INSTALACIONES SEDE CASA CONSISTORIAL: CASA DEL AYUNTAMIENTO Diciembre de 2021Casa do Conc |
| F/2021/ 10012 | 02148000036521F | 31/12/2 021 | 320 | 22700 | 48.291,78 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza de centros educativos Diciembre de 2021CEIP RUBIANS / Servizo de limpeza de centros educativos Diciem |
| F/2021/ 10013 | 02148000036621F | 31/12/2 021 | 334 | 22700 | 5.742,77 | CLECE, S.A. | Servizos de limpeza efectuados EN INSTALACIONES CULTURALES durante Diciembre de 2021SALA EXPOSICIONES RIVAS BRIONES / Se |
| F/2021/ 10014 | 02148000036821F | 31/12/2 021 | 135 | 22700 | 462,99 | CLECE, S.A. | Servicios de limpieza de EDIFICIO E INSTALACIONES DEL SERVICIO DE EMERGENCIAS Diciembre de 2021Importe servizo |
| F/2021/ 10016 | 02148000037121F | 31/12/2 021 | 453 | 22700 | 599,22 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza nas dependenzas de Obras durante Diciembre de 2021Importe servizo |
| F/2021/ | 02148000037221F | 31/12/2 | 920 | 22700 | 337,76 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza en OFICINA MUNICIPAL E |

| REX. | Nº de Documento | Fecha Dto. | Prog. | Econ. | Importe | Nome | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 10017 | | 021 | | | | | GAC EN A MAROMA Diciembre de 2021GAC / Servizo de limpeza en OFICINA MUNICIPAL |
| F/2021/ 10021 | 02148000037021F | 31/12/2 021 | 241 | 22700 | 65,64 | CLECE, S.A. | EDIFICIOS E INSTALACIONES DE PROMOCIÓN ECONOMICA (EMPLEO): ESCUELA OBRADOIRO Diciembre de 2021Escola Obradoiro |
| F/2021/ 10022 | 02148000037921F | 31/12/2 021 | 453 | 22700 | 588,86 | CLECE, S.A. | EDIFICIOS E INSTALACIONES : DEPENDENCIAS DE OBRAS. Incremento de frecuencia de limpieza en la instalaci |
| F/2021/ 10023 | 02148000038121F | 31/12/2 021 | 432 | 22700 | 134,90 | CLECE, S.A. | OFICINA DE TURISMO EN PLAZA DE PESCADERIA. Incremento de frecuencia de limpieza en la instalación, al me |
| F/2021/ 10027 | 02148000038021F | 31/12/2 021 | 334 | 22700 | 719,71 | CLECE, S.A. | Incremento de frecuencia de limpieza de la instalacion BAJOS DEL AUDITORIO (JARDINES Y ELECTRICIDAD), al |
| F/2021/ 10028 | 02148000038221F | 31/12/2 021 | 320 | 22700 | 7.467,42 | CLECE, S.A. | Servicios de limpieza y desinfección en CENTROS EDUCATIVOS curso 2020-2021 derivado de la aplicación del protoco |
| | | TOTAL | | TOTAL | 357.415,86 | | |

**PRP2022/0382**

Visto o expediente de gasto derivado da relación de facturas F/2021/193 por importe de 54.707,85€.

Vista a Base 21ª.1 das B.E.O 2021 prorrogadas ao exercicio 2022, pola cal poderanse aplicar aos créditos do orzamento, no momento do seu recoñecemento, as obrigas, aínda correspondendo a gastos de exercicios anteriores a que se refire o parágrafo segundo do artigo 26 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

Vistas a base 21ª.2 das B.E.O 2021 prorrogadas ao exercicio 2022, pola cal enténdese por práctica administrativa contable e se exceptúan do Recoñecemento Extraxudicial de Crédito:

• Contratos de subministro ou de servizos que sexan de tracto sucesivo e correspondan como máximo o derradeiro trimestre do exercicio inmediatamente anterior que, habitualmente, se presenta a principios do exercicio seguinte, sempre que se verifique que polo mesmo concepto non se apliquen con cargo a un mesmo orzamento máis de 12 meses naturais.

• Contratos de subministro ou de servizos para os que o seu período de facturación non sexa mensual segundo o contrato, sendo o último mes do período de facturación o de decembro.

• Gastos de dietas e locomoción e dietas do persoal municipal ao abeiro do artigo 26.2 a) do RD 500/90.

• Contratos menores executados con data 30/31 de decembro, e resulte materialmente imposible o seu rexistro contable no exercicio económico o que corresponden, sempre e cando a natureza e entidade económica do gasto non comprometa a finalidade do principio de temporalidade dos créditos, aspectos que deberá valorarse pola Intervención en cada caso.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2021/193 por importe de 54.707,85€ coa seguinte desagregación:

| Nº de Entrada | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Progr. | Econ. | Nome | Texto Explicativo |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2021/8 570 | 210002497 0 | 12/11/ 2021 | 567,51 | 9201 | 216 | SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L. | monitor hp e27 g4 ( orden juan luis nuñez touris ) |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2021/9867 | NF7973 | 09/08/2021 | 16,77 | 2312 | 22199 | D.S. SALGADO, S.L. | AMBIPUR ELECTRICO RECAMBIO BRISA MARINA |
| F/2021/9879 | F 210014 | 21/12/2021 | 1.210,00 | 4311 | 22799 | VIVITEX TONIC TIME, S.L. | Primera parte hasta 20 Dic (Alba Briones) |
| F/2021/9902 | 2021//13728 | 21/12/2021 | 3.456,40 | 132 | 22108 | BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L. | REF.: PRP2021/4219 PARTIDA 132.23108 ( REF.: PRP2021/4219 PARTIDA 132.23108 ) / UD SUMINISTRO CONO PVC DE 45CMS CON |
| F/2021/9917 | 2021/0002898 | 30/11/2021 | 367,84 | 3262 | 22699 | FARO DE VIGO, S.A. | Publicidad: A0000007530 Tamaño: 4X2 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA - 13/11/2021 ( _ ) / Publicidad: A0000007529 Tamaño |
| F/2021/9930 | 0000933009 | 18/11/2021 | 483,88 | 164 | 213 | GAM ESPAÑA SERVICIOS DE MAQUINARIA, S.L.U. | Mano de obra normal Multimarca##NCANT=3.000 ## / Desplazamiento Zona A (0-25 km)##NCANT=1.000 ## / RODILLOS DESPLAZORES# |
| F/2021/9931 | 110 663 | 24/10/2021 | 344,61 | 3261 | 212 | DECOPLAC AROUSA, S.L. | P-30 ACRILICA PASILLO S 0500-N-AULA S 0502R / ACRILICO BLANCO NASILLA ACRYRUB SOUDAL 310 ML |
| F/2021/9932 | 0110 664 | 24/10/2021 | 133,10 | 320 | 212 | DECOPLAC AROUSA, S.L. | Rect. 110 664 / TITAN PARKINGS GRIS-15L |
| F/2021/9933 | 110 818 | 30/11/2021 | 37,04 | 132 | 22108 | DECOPLAC AROUSA, S.L. | TITAN PARKINGS GRIS-4L |
| F/2021/9934 | 110 819 | 30/11/2021 | 41,41 | 3261 | 212 | DECOPLAC AROUSA, S.L. | H24 PINTURA ANTIMANCHAS BLANCA MATE 750 ML |
| F/2021/9935 | 0110 820 | 30/11/2021 | 133,10 | 320 | 212 | DECOPLAC AROUSA, S.L. | Rect. 110 820 / TITAN PARKINGS GRIS-15L |
| F/2021/9936 | 0110 821 | 30/11/2021 | 96,80 | 4311 | 22199 | DECOPLAC AROUSA, S.L. | Rect. 110 821 / TITANLUX ESMALTE ECO MATE BLANCO 2,5L |
| F/2021/9937 | 0110 823 | 30/11/2021 | 63,40 | 4311 | 22199 | DECOPLAC AROUSA, S.L. | Rect. 110 823 / ABRANET ACE 150 MM GRIP P240 - MIRKA GRANO 180 / ABRANET ACE 150 MM GRIP P180 MIRKA / ABRANET ROLLOS 11 |
| F/2021/9938 | 110 824 | 30/11/2021 | 82,70 | 3261 | 212 | DECOPLAC AROUSA, S.L. | H24 PINTURA ANTIMANCHAS BLANCA MATE 4 L |
| F/2021/9939 | 110 825 | 30/11/2021 | 137,92 | 320 | 212 | DECOPLAC AROUSA, S.L. | ALARGADOR ALUMINIO ESTRIADO 1M PUNTA DE VASO / R-20 REV. ACRILICO SILICONADO BCO.MATE 15L |
| F/2021/9940 | 110 826 | 30/11/2021 | 16,76 | 320 | 212 | DECOPLAC AROUSA, S.L. | HYPERDESMO GRIS-ENV. 1KG |
| F/2021/9941 | 110 833 | 30/11/2021 | 174,24 | 320 | 212 | DECOPLAC AROUSA, S.L. | R-10-REV.ACRILICO LISO BCO.MATE 15L / R-20-REV.ACRILICO SILICONADO BCO.MATE 15L |
| F/2021/9942 | 110 835 | 30/11/2021 | 94,26 | 4311 | 22199 | DECOPLAC AROUSA, S.L. | I-12 MEMBRANA C/POLIURETANO GRIS 5KG / TITANLUX ESMALTE ECO MATE NEGRO 750 ML / TITANLUX ESMALTE ECO MATE BLANCO - 2,50 |
| F/2021/9943 | FACF-2020 102 | 21/12/2021 | 119,11 | 161 | 213 | REY PROCESOS DE FUNDICION S.L. | REGISTRO Ø600 CLICK D-400 |
| F/2021/9944 | 110 836 | 30/11/2021 | 233,89 | 320 | 212 | DECOPLAC AROUSA, S.L. | RECAMBIO ESPUMA SUPERFINA D35MM 5CM / CINTA ENMASCARAR 120º AZUL 24MM X 50M / PX-600 MONOC. SUELOS ACRILICA BLANCO B.056 |
| F/2021/9945 | 110 837 | 30/11/2021 | 249,14 | 320 | 212 | DECOPLAC AROUSA, S.L. | R-10 REV.ACRILICO LISO BACO MATE 15 L / RODILLO AZ-A PREMIUM HILO ALIANZA S70 MM-22 CM / RODILLO |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | ABN-A TRICOLOR POLIAM.A |
| F/2021/9947 | 110 843 | 13/12/2021 | 6.897,00 | 320 | 212 | DECOPLAC AROUSA, S.L. | TOTAL MATERIALES Y MANO DE OBRA |
| F/2021/9948 | 110 885 | 17/12/2021 | 73,93 | 432 | 22199 | DECOPLAC AROUSA, S.L. | DISOLVENTE LIMPIEZA 25 L PEGANOSA / DISOLVENTE UNIVERSAL 5L PEGANOSA |
| F/2021/9949 | 110 886 | 17/12/2021 | 142,72 | 320 | 212 | DECOPLAC AROUSA, S.L. | PINTURA BLANCO MATE R-40 15 L / PINTURA BLANCO MATE P-30 15 L |
| F/2021/9950 | 110 887 | 17/12/2021 | 66,07 | 4311 | 22199 | DECOPLAC AROUSA, S.L. | ESMALTE ECO ACRILICO 100% 2,5 L BLANCO NIEVE |
| F/2021/9951 | 110 888 | 17/12/2021 | 4,28 | 320 | 212 | DECOPLAC AROUSA, S.L. | POL. EXTRUIDO XPS RECTO 20 MM AZUL-1.250X600 |
| F/2021/9954 | Rect- 10 | 17/12/2021 | 372,68 | 320 | 212 | CUEVAS, S.L. | Rect. 21 0000178 / Mano de Obra ( Fra. Nº 21/0000178 - OBRA: CEIP A LOMBA Trabajos realizados por nuestro personal de ta |
| F/2021/9957 | F21S-00728 | 09/12/2021 | 423,50 | 132 | 213 | TRADESEGUR, S.A. | Revisión anual del analizador de drogas Sotoxa n/s 10011707 de la Policía Local |
| F/2021/9970 | 62 2021 | 21/12/2021 | 968,00 | 334 | 62500 | EBANISTERIA PARDAL, S.L. | SEGUN OFERTA Nº 485-21 PARA CENTRO CULTURAL TRABANCA SARDIÑEIRA, MESADO MODULAR PARA CONTINUACION DEL EXISTENTE, MODULOS |
| F/2021/9976 | TVI21 2417 | 01/12/2021 | 115,14 | 161 | 214 | DALONGA, S.A. | CIRCUITO ELECTRICO CONTROL SOBRE VEHICULO ( MATRICULA :2348GHV ORDEN DE REPARACION TALLER:1673261 CITROEN BERLINGO ORDEN |
| F/2021/9977 | PLX21 10582 | 14/12/2021 | 193,60 | 9201 | 22799 | TECNOLOGIAS PLEXUS, S.L. | Servicios de formación y soporte Anblick, incluye:Sesión de formación y soporte en remoto durantelos primeros días de us |
| F/2021/9979 | CP PLX21/10581 | 14/12/2021 | 102,85 | 9201 | 22799 | TECNOLOGIAS PLEXUS, S.L. | Servicios de soporte Anblick, incluye: / 1 carga de contenidos facilitados por el cliente |
| F/2021/9988 | REP-21 012 | 30/12/2021 | 215,33 | 334 | 22602 | BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L. | Reparto material publicitario de las actividades de caracter cultural. |
| F/2021/10035 | 21/21 | 29/12/2021 | 391,00 | 334 | 22609 | ASOC. OS TERRIBLES DE AROUSA | ACTUACIÓN NAS FESTAS DE SAN MARTIÑO EN VILAXOAN O DÍA 11 DE NOVEMBRO. (CULTURA). |
| F/2021/10036 | 5/21 | 29/12/2021 | 225,00 | 334 | 22609 | ASOC. OS TERRIBLES DE AROUSA | ACTUACIÓN NAS FESTAS DO CARME EN VILAXOÁN O 18 DE XULLO DE 2021. (CULTURA). |
| F/2021/10038 | 079-2021 | 30/12/2021 | 726,00 | 334 | 22703 | HENRIQUES DE OLIVEIRA, DANIELA | LIMPEZA CASA CULTURAL O PIÑEIRIÑO DE XULLO-DECEMBRO 2021. (CULTURA). |
| F/2021/10039 | 26 | 30/12/2021 | 936,00 | 2311 | 22706 | BARRAL NUÑEZ, MAR | TALLER DE CERÁMICA NO CENTRO DE DÍA. MES DE DECEMBRO 2021. (SPAD). |
| F/2021/10041 | BACHEO 21/3 | 28/12/2021 | 2.972,13 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDADE DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL SERVIZO DE BACHEO 3º CUATRIMESTRE 2021. |
| F/2021/10042 | MINIPALAS 21/3 | 28/12/2021 | 3.807,53 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDADE DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL SERVIZO DE MINIPALAS-LIMPADORAS 3º CUATRIMESTRE 2021. |
| F/2021/10043 | CAMION GRUA 21/3 | 28/12/2021 | 304,69 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDADE DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL SERVIZO CAMIÓN GRÚA 3º CUATRIMESTRE 2021. |
| F/2021/1 | MOTONIVELADORA | 28/12/ | 2.494,51 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDADE DO | APORTACIÓN MUNICIPAL SERVIZO |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 0044 | 21/3 | 2021 | | | | SALNES | DE MOTONIVELADORA 3º CUATRIMESTRE 2021. |
| F/2021/10045 | PLANTA SOLAR 21 | 28/12/2021 | 2.314,94 | 943 | 76300 | MANCOMUNIDADE DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL PROX. PLANTA SOLAR FOTOVOLTAICA NA ETAP DO SALNÉS Ó ABEIRO DO FONDO DE COMPENSACIÓN MEDIOAMBIENTAL |
| F/2021/10046 | CONSERVACION AMBIENTAOL 21/3 | 28/12/2021 | 5.660,29 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDADE DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL SERVIZO DE CONSERVACIÓN MEDIOAMBIENTAL 3º CUATRIMESTRE 2021. |
| F/2021/10047 | DESBROZADORA 21/3 | 28/12/2021 | 3.408,35 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDADE DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL SERVIZO DE TRACTOR DESBROZADOR 3º CUATRIMESTRE 2021. |
| F/2021/10048 | OFICINA VERQUIDOS 21 | 28/12/2021 | 195,26 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDADE DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL SERVIZO OFICINA DE CONTROL DE VERQUIDOS 2º E 3º CUATRIMESTRE 2021. |
| F/2021/10049 | PROMOCION TURISTICA 21 | 28/12/2021 | 7.142,86 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDADE DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL PROMOCIÓN TURÍSTICA DO SALNÉS 2021. |
| F/2021/10050 | GASTOS XERAIS 21/3 | 28/12/2021 | 5.054,31 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDADE DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL GASTOS XERAIS 3º CUATRIMESTRE 2021. |
| F/2021/10051 | ASISTENCIA SESIONS 21 | 28/12/2021 | 1.440,00 | 943 | 46300 | MANCOMUNIDADE DO SALNES | APORTACIÓN MUNICIPAL ASISTENCIA SESIÓNS COMISIÓN EXECUTIVA, COMISIÓN DE CONTAS E XUNTA DA MANCOMUNIDADE 2021. |
| | | TOTAL | 54.707,85 | | | | |

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.